

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A DOTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA (A CORUÑA)

A Coruña, 4 de outubro de 2021

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **Dna. Inés Rey García**, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asistida do Oficial Maior, D. Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma LRBRL.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

### EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e o artigo 55 da citada Lei 7/1985, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio marco de colaboración.

VI. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello da Coruña, faise necesario dotar á zona do antigo Mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde, como resultado do peche do de Federico Tapia.

VII. O Concello da Coruña ten prevista a próxima rehabilitación integral dun edificio no antigo Mercado de Santa Lucía e estaría disposto a que unha parte do mesmo sexa destinado polo Servizo Galego de Saúde a centro de saúde.

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado, para o que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS:

**Primeira.** O obxecto do presente convenio marco é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña para dotar á zona do antigo Mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde.

**Segunda.** O Concello da Coruña ten previsto rehabilitar o edificio do antigo Mercado de Santa Lucía un edificio para uso municipal e comprométese a ceder o uso dunha parte do dito edificio para que o Servizo Galego de Saúde o destine a centro de saúde, durante un prazo de 30 anos, prorrogable por outros 30 anos.

**Terceira.** De acordo co anterior, unha vez rematada a construción do dito edificio, o Concello da Coruña e o Servizo Galego de Saúde formalizarán o correspondente documento administrativo de concesión demanial.

**Cuarta.** A parte do edificio a ceder para o uso ao servizo Galego de Saúde deberá contar con contadores para as distintas subministracións, tales como auga, electricidade, gas, telefonía, datos etc, independentes dos do resto do edificio. Todas estas instalacións deberán entregarse conforme a normativa aplicable aos centros sanitarios e coas autorizacións pertinentes para a súa posta en funcionamento, cos permisos e licencias necesarias que deberá tramitar o propio Concello. No Anexo 1 constan os usos sanitarios a nivel de anteproxecto: planos do anteproxecto e programa de usos inicialmente indicado polo Servizo Galego de Saúde.

**Quinta.** As obrigas recollidas neste convenio marco que se indican nas seguintes cláusulas faranse efectivas cando se materialice o correspondente convenio de desenvolvemento do mesmo.

**Sexta.** O Concello de A Coruña farase cargo dos custos de mantemento xeral das partes comúns do edificio, repercutindo no Servizo Galego de Saúde os que lle correspondan proporcionalmente aos metros cadrados da parte cedida. Devandita porcentaxe, a modo indicativo e de acordo co anteproxecto, é do 58%. No momento da aprobación do proxecto axustarase á porcentaxe que resulte do documento aprobado. Cada unha das partes

farase cargo do mantemento das instalacións individualizadas, propias do uso ao que se destine a superficie que lle corresponde.

**Sétima.** O Concello de A Coruña comprométese a regular na ordenanza fiscal unha exención no imposto sobre bens inmobles para este centro de saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Oitava.** O Servizo Galego de Saúde comprométese a destinar a parte do edificio cedida ao uso polo Concello da Coruña a centro de saúde e a facerse cargo dos custos que lle correspondan, de acordo co proxecto que definirá con precisión os custos correspondentes a cada un dos usos para implantar no edificio. De este xeito corresponderalle:

- Os gastos de redacción de proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde en proporción á porcentaxe de execución material que o centro de saúde supoña sobre o orzamento total das obras.

- Os custos correspondentes á execución da obra do centro de saúde de acordo co importe de adxudicación e a liquidación final da obra, segundo os custos definidos en proxecto.

A superficie estimada destinada a centro de saúde é de 1.323,00 m<sup>2</sup> para o programa proposto, o que supón unha superficie construída de 1.750 m<sup>2</sup>.

**Novena.** O Servizo Galego de Saúde comprométese a abonar os custos que resulten do proxecto de execución, en tres prazos, do 33,33 % cada un: o primeiro no mes seguinte á recepción do xustificante de abono da redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, o segundo o mes seguinte da adxudicación coa sinatura do contrato e o restante no mes seguinte ao xustificante de abono da certificación final/liquidación da obra.

**Décima.** Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

**Undécima.** Coa finalidade de asegurar a correcta execución das obras conforme aos criterios do Servizo Galego de Saúde, este deberá designar un supervisor para o centro de saúde, coas mesmas funcións que o supervisor municipal, que asinará, xunto con este, as certificacións de obra.

**Duodécima.** Se os bens cedidos non fosen destinados ao fin ou uso previsto dentro do prazo sinalado no acordo de concesión ou deixasen de selo posteriormente, incumprísense as cargas ou condicións impostas, ou chegase o termo fixado, considerarase resolta a concesión, e reverterán os bens ao Concello.

**Décimo terceira.** A concesión e a reversión, no seu caso, faranse constar no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello.

Ademais procederase á práctica do correspondente asento a favor do Servizo Galego de Saúde no Rexistro da Propiedade, e non fornecerá efecto a concesión en tanto non se cubra este requisito, para o que o cesionario deberá comunicar ao Concello a práctica do asento.

O acordo polo que se acorde a resolución da concesión e a reversión do ben ou dereito será título suficiente para a inscrición da mesma no Rexistro da Propiedade.

**Décimo cuarta.** O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución deste e no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados. En todo caso, este convenio marco non obriga orzamentariamente ata que se asine o convenio ao que se fai referencia na cláusula quinta no que se materializarán os importes a aportar por cada unha das partes.

**Décimo quinta.** Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

**Décimo sexta.** O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Non obstante o anterior, a eficacia deste convenio quedará condicionada á autorización polo Consello da Xunta de Galicia, consonte ao sinalado na cláusula terceira.

**Decimo sétima.** A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega, así como o Concello, poderán facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**POLO CONCELLO DA CORUÑA**

**Julio García Comesaña**

**Inés Rey García**

*(asistida do Oficial Maior, D. Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto)*

**ANEXO**



## PLAN FUNCIONAL DE CENTRO

EOXI

CONCELLO

CENTRO

DATA CONSTRUCCIÓN

NOVA CONSTRUCCIÓN  REFORMA

RECURSO AÓ QUE SUBSTITÚE

### DATOS SOCIO SANITARIOS

CONCELLO	TSI 0-14 anos	TSI 15-64 anos	TSI > 65 anos	TOTAL
A Coruña	29.189	166.046	56.054	251.289

CENTRO	TSI 0-14 anos	TSI 15-64 anos	TSI > 65 anos	TOTAL
Federico Tapia	1.363	7.386	2.838	11.587

PAC  SAP

CONCELLOS QUE ENGLOBA

POBOACIÓN ATENDIDA

### PERSONAL

Personal	SITUACIÓN ACTUAL						RATIOS	PREVISIÓN						RATIOS	OBSERVACIÓNS
	HORARIO MAÑÁ			HORARIO TARDE				HORARIO MAÑÁ			HORARIO TARDE				
	TOTAL	NM	MT	TOTAL	NM	MT		NM	MT	TOTAL	NM	MT	TOTAL		
Médicos	3	3		4	4				6	6	4	4			
Pediatras	1	1							2	2	0	0			
Farmacéuticos															
Enfermeiras	3	3		3	3				5	5	2	2			
Aux. Enferm.															
PSX / Aux. adm.	3			2					4	4	2	2			
Celador															

Unidades de Apoio	TOTAL	NM	MT	TOTAL	NM	MT	RATIOS		NM	TOTAL	NM	MT	TOTAL	RATIOS	OBSERVACIÓNS
Odontólogo															
Matrona	1	1							1	1					Compartida con outra UAP
Fisioterapeuta															
Traballador social	1	1							1	1					Compartida con outra UAP
Outro persoal															

#### PERSONAL DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA QUE REALIZA A SÚA LABOR NO CENTRO:

--



### CENTRO

<i>Área médica</i>			
ESPAZO	Nº ACTUAL	Nº FUTURO	OBSERVACIÓNS
Consultas de medicina xeral	3	6	
Consultas de enfermería	2	4	
Consultas de matronas		1	
Sala de educación maternal		1	
Consulta de farmacia			
Consulta de odontoloxía			
Despacho do traballador social		1	Na actualidade a traballadora social que teñen de referencia neste Centro pasa a consulta no CS da Casa do Mar ao non dispoñer de espazo no actual Centro de Federico Tapia.
Despacho Coordinación		1	
Despacho do fisioterapeuta			
Ximnasio de fisioterapia			
Sala de toma de mostras		1	
Sala de espera		1	
Sala de técnicas		1	
Sala polivalente		1	
Zona de RX			
<i>Área pediátrica</i>			
ESPAZO	Nº ACTUAL	Nº FUTURO	OBSERVACIÓNS
Consultas de pediatría	1	2	
Sala de espera de pediatría		1	
Consulta de enfermería pediátrica	1	1	
Aseos		1	
<i>Área de urxencias</i>			
ESPAZO	Nº ACTUAL	Nº FUTURO	OBSERVACIÓNS
Área de recepción			
Zona de dormitorios			
Sala de reanimación e observación			
Sala de espera			
Sala de estar			
Consultas de medicina			
Consultas de enfermería			
Aseos			
Vestuarios persoal			

<i>Área de administración, arquivo e outros servizos comúns</i>			
ESPAZO	Nº ACTUAL	Nº FUTURO	OBSERVACIÓNS
Área de admisión	1	1	Para catro postos de traballo
Arquivo de historias clínicas		1	
Almacén de material		1	
Sala de caldeiras		1	
Oficio sucio	1	1	
Oficio limpo	1	1	
Sala de estar do persoal		1	
Sala de xuntas e de estar de persoal	1	1	
Aseos públicos	1	1	
Aseos persoal	1	1	
Salón de Actos/aula de formación			

<i>Outras áreas*</i>			
ESPAZO	Nº ACTUAL	Nº FUTURO	OBSERVACIÓNS
Consultas médicas			
Consultas de enfermería			
Sala de espera			

\*Para centros nos que se está a prestar atención especializada: consultas de especialista, COF, USM



## PLAN DE NECESIDADES

### NECESIDADES DE PLANTILLA

*Xustificación de novos profesionais, novas actividades, etc.*

### NECESIDADES NO CENTRO

*Descrición de deficiencias no centro e xustificación das actuacións requiridas.*

Modificación do programa funcional de setembro 2011 que modificaba o aprobado no mes de xaneiro de 2007

O 1 de setembro de 1981 ponse en funcionamento o Centro de Saúde de Federico Tapia. Este Centro, de dependencia patrimonial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, está ubicado no número 73 da céntrica rúa de Federico Tapia da Coruña, e ocupa a planta baixa dun edificio de vivendas construído no ano 1980.

Neste baixo, cunha superficie útil de 387,13 m<sup>2</sup>, e sen posibilidade de ampliación, préstase asistencia sanitaria (de 8:00 a 21:00 horas) a 11.587 cidadáns e desenvolven a súa actividade 19 profesionais.

En canto ás infraestruturas, e a pesar das reformas de acondicionamento que sufriu este Centro, conta con espazos de moi pequenas dimensións nas áreas de:

**Medicina de familia** : 3 Consultas de medicina de familia (Mx1: 15,81 m<sup>2</sup> Mx2: 17,95 m<sup>2</sup>, mx3:23,12 m<sup>2</sup>).

**Pediatría**: 1 Consulta de pediatría de 18,57 m<sup>2</sup> (en quenda de tarde é utilizada para medicina de familia) e 1 Consulta de enfermaría de 15,51 m<sup>2</sup> (pola tarde é utilizada para enfermaría de adultos).

**Enfermaría (adultos)** : 1 Consulta de enfermaría (19,37 m<sup>2</sup>) e outra de 24,23 m<sup>2</sup> que é utilizada por unha enfermeira en quenda de mañá e outra de tarde, que serve tamén como Sala de extraccións/Sala de diagnósticos/tratamentos/urxencias. Polo que non se dispón dunha sala específica destinada á atención ao paciente con patoloxía emerxente.

**Areas comúns**: 1 zona administrativa tan só para 2 postos de traballo cun arquivo para tan só 10.000 historias clínicas (30,10 m<sup>2</sup>), 1 Sala de xuntas/sala de estar del persoal de 18,43 m<sup>2</sup>, de escaso tamaño tendo en conta que son 19 o número de profesionais do centro.

Trátase polo tanto dun Centro, de dimensións reducidas que non permite ampliación, cunhas instalacións moi deficientes, polo deterioro que supón o uso do local, así como polas deficiencias propias de estar emprazado nun baixo de 30 anos (con pouca ventilación e pouca luz).

En numerosas ocasións dende esta Xerencia solicitouse ao Concello da Coruña a posibilidade de ceder ao Servizo Galego de Saúde un local e/ou un terreo para acometer, con prioridade máxima, as obras de construción dun novo centro de saúde na área de influencia do actual Centro de Saúde de Federico Tapia.



O pasado 15 de outubro de 2014 asinou un protocolo de cooperación entre a Consellería de Sanidade, O Servizo galego de Saúde e o Concello da Coruña, no que se establecen as bases para o estudo da viabilidade de novos usos sanitarios no recinto actualmente destinado a mercado local, denominando como "Mercado de Santa Lucía", cunha superficie aproximada de 4.315 m<sup>2</sup>. Este recinto atópase a 300 metros do actual Centro de Saúde de Federico Tapia.

### ESTABLECEMENTO DE PRIORIDADE

*Indicar a prioridade de acometer este Plan Funcional en relación cos outros Plans da xerencia.*

Solicítase **prioridade máxima** xa que o estado da infraestrutura do Centro de Saúde de Federico Tapia e a falta de espazo constitúe un importante problema que dificulta o desenvolvemento da actividade asistencial nunhas condicións mínimas de calidade e cun funcionamento similar aos outros centros de Saúde da Cidade da Coruña. Xa que ao non dispoñer de espazos dificulta a realización de programas asistenciais específicos (cirurxía menor, ecografía, espirometría, retinografía, etc.) que se están a desenvolver en outros Centros de Saúde da Cidade.

A Coruña, \_\_\_\_\_, 17 de novembro 2014

**O Xerente de Xestión Integrada A Coruña**

**Asdo.:** José Francisco Vilanova Fraga

DIRECCIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE  
Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa





